



## Lírica

### nena de feira

Tamara Andrés

teño cinco anos e atraveso unha praza que concibo inmensa  
ateigada de xente que non me repara

as luces de neon golpéanme o corpo e eu inspiro fortemente  
o algodón de azucre, as mazás de caramelo, as améndoas garrapiñadas

sei que o señor do dragón me convidará a subir no animal  
pero eu estarei soa  
gustaríame que papá deixase o posto e sentase ao meu carón  
pero eu estarei soa  
e malia todo sentarei na cabina  
finxirei a excitación da velocidade  
a sorpresa dun traxecto pequeneiro e repetitivo

aprenderei así a estar soa  
e a envexar

\*

a carón do posto de papá eu poñía o meu postiño  
colocaba os colares de cunchas, os resortes,  
os chupetes de cristal, os paliños fluorescentes,  
os chifres acuáticos que se pensaban paxaros

pero ninguén ollaba o postiño dunha nena  
coma ninguén se detén a comprender a infancia

(aprendín axiña que os cartos  
sempre van para os grandes)

a masa simplemente transitaba e dicía *que riquiña*  
e ás veces alguén poñía ollada como de ollar algo entrañable

eu non quería ser riquiña nin entrañable

eu quería vender e dicirlle a papá

*mira, papá, estes cartos son teus / non, eu non quero nada / quero que os gardes e busques un traballo que non dobregue o teu corpo / un traballo como os dos outros papás*

\*

lembro as napolitanas de chocolate e a tenda de lambetadas da Guarda  
os cruasáns á prancha da Pobra e as ancas de ra e as *crujicroques* de Arcade  
Lalín era territorio de carne e mais de aros rítmicos  
Padrón, de Rosalía, de fariña azucrada, de cheiro a polbo cocido  
lembro os ollos dos farois preguiceiros nas idas  
nos regresos, o corpo magoado combatendo contra o sono  
os berros do día acalando  
a pel, luíndo

\*

houbo unha época na que poñiamos dous postos  
un de camisetas e fulares e outro de cuncas cheas de antropónimos  
no segundo aprendín que hai nomes comúns que resultan estraños  
e viceversa  
que *xefa da casa* era algo gracioso e que as avoas queren a todos os netos por igual  
que a cerámica era bo agasallo *pros de Alemaña pros de Suíza cóllette tamén a do Barça a este a do Madrid a aquel xa estarán grandes a ver as tallas e para as nenas? tes algo bonito?*

\*

os zoqueiros  
os polbeiros  
os das plantas  
os das cintas

na feira todos eran coñecidos polo que vendían  
agás os negros  
os *gitanos*